

O profesor D. Andrés Santiago Suárez Suárez

EMILIO PÉREZ TOURIÑO
Presidente da Xunta de Galicia

Recibido: 23 de abril de 2007

Aceptado: 8 de novembro de 2007

John Maynard Keynes, sen dúbida un dos máis influentes economistas do século XX, definiu a súa disciplina como a busca dos medios para multiplicar os bens e os servizos que permitan liberar o home das súas ataduras. Esa concepción, hoxe en aparencia diluída nun escenario global sometido aos ditados do capital, podería, porén, ao meu xuízo, aplicarse sen reparos ao labor do profesor Andrés Suárez Suárez. Como presidente da Xunta de Galicia, pero tamén como quen ten nas ciencias económicas a esencia da súa traxectoria profesional, atopo un motivo de enorme satisfacción na oportunidade de expresar publicamente o meu recoñecemento a un dos principais teóricos da economía que viu nacer este país.

Amais de reputado docente, o profesor Suárez Suárez foi un investigador fecundo que deixou como legado unha importante e sumamente reveladora obra teórica e reflexiva con respecto ao eido empresarial, financeiro e mercantil que ten como denominador común un fondo enraizamento na realidade social do momento.

A súa imprescindible achega á teoría económica deixa ás claras unha vocación divulgativa guiada por dous principios básicos. Un deles está relacionado coa necesidade de que os economistas abandonen as cimas das torres de marfil e eviten presentar as súas ideas e postulados nunha linguaxe só entendible polos seus colegas. O segundo fala da importancia de non simplificar a análise económica baseándoa unicamente na análise cuantitativa, sen considerar o marco social e político do que emanan os problemas que estuda.

Don Andrés Santiago Suárez Suárez, coa súa concepción do mercado como un contrato social mínimo ou coas teses favorables ao protagonismo das cooperativas de produción xestionadas polos propios traballadores como vía para incrementar a harmonía social, demostrou que perseguía a humanización do capitalismo. As súas ideas destinadas a reducir a área de escaseza e a aumentar a da abundancia serviron de inspiración para moitos dos que, coma min, asumimos a responsabilidade política como unha vía para estender a xustiza social.

Non en van estou convencido de que o labor do político e o do economista deben estar unidos por unha misión común, nada menos que facer posible unha civilización que poidan gozar no presente todos os seus membros. Construír unha Galicia que poidan gozar todos os galegos en pé de igualdade é, polo tanto, a meta que guía o meu labor como presidente da Xunta.

Non debemos eludir que, ademais, imos polo bo camiño. Todos os indicadores revelan que a economía galega goza dunha saúde excelente, amosando síntomas

dunha iniciativa e dun dinamismo sen precedentes na nosa historia recente. Se Galicia medra cada día máis e dunha maneira máis xusta e equilibrada, están mellorando as condicións de vida de cada un de nós.

Teño a fonda convicción de que esta positiva evolución económica é o resultado en gran medida dun clima de estabilidade, de confianza e de concertación instaurado na nosa Comunidade logo da sinatura da *Declaración institucional polo diálogo social en Galicia* en novembro do ano 2005, en cumprimento do compromiso adquirido na miña toma de posesión.

No ambicioso plan de modernidade, desenvolvemento e igualdade que ambicionamos para Galicia, contamos coa complicidade dos axentes económicos e sociais do país, que souberon asumir o reto e que traballan man a man co Goberno, con acordos extraordinarios que mudan radicalmente as políticas de emprego da Comunidade como, por exemplo, o *Novo marco de relacións laborais de Galicia*.

A economía galega medra dentro e fóra, asistimos a un auténtico desenvolvemento da iniciativa empresarial e do emprendemento apoiado na aposta pública pola innovación e polo desenvolvemento, ao tempo que se multiplica a nosa presenza nos mercados internacionais. E esta terra perfílase como un escenario atractivo e sedutor para o investimento exterior, mentres se poñen as condicións para un crecemento sostido e sostible, que sexa respectuoso co medio, evitando que os nosos recursos naturais sexan unha fonte perecedora no curto ou no medio prazo.

A educación, as infraestruturas e a optimización dos servizos sociais que sustentan a sociedade do benestar son os eixes que seguirán a vertebrar a nosa acción de Goberno, co ánimo de acadar a converxencia con España e con Europa para integrar plenamente Galicia na sociedade da innovación e do coñecemento, nun país que teña na igualdade o principal trazo definitorio.

Non me queda máis que felicitar á *Revista Galega de Economía* por esta iniciativa coa que se lle brinda unha merecida homenaxe a un galego senlleiro cuxa obra conserva hoxe completa vixencia e utilidade e da que os políticos podemos aínda extraer valiosas leccións.